

FUNCIONAMENTO DE CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL.- ARTIGO 4.1.a)

Funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social. Inclúese neste tipo o funcionamento daqueles centros que complementen os ámbitos de intervención social do Sistema galego de servizos sociais neste nivel de atención, os cales se especifican no artigo 3 da Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, e que corresponden ás seguintes tipoloxías:

- Albergues
- Centros de acollida
- Comedores sociais
- Centros de atención social continuada
- Centros de día e inclusión social

1. Documentación para solicitar as subvencións

- Anexo I
- Anexo II
- Anexo III

2. Xustificación e pagamento das subvencións

2.1. Xustificación das subvencións

A xustificación realizarase pola modalidade de módulos conforme o establecido no artigo 44.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente:

- A primeira anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de novembro de 2022, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite do 7 de decembro de 2022.
- A segunda anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1 de decembro de 2022 e o 30 de abril de 2023, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite do 15 de maio de 2023.

Documentación necesaria para a xustificación (artigo 23.1):

- Solicitud de pagamento da subvención no anexo V.
- Declaración responsable no anexo VI.
- Memoria económica xustificativa e declaración de gastos reais correspondente ao período que se pretenda xustificar no anexo VII.
- Listaxe codificada de persoas usuarias por día, á que se xuntará certificación acreditativa de que os datos que contén a dita listaxe se corresponden cos datos recollidos no libro de rexistro ou fichas en soporte papel do centro. No caso de comedores, albergues, centros de día e centros de atención social continuada a listaxe a que se refire este apartado

substituírse por unha relación do número de persoas que foron atendidas cada día acompañada da certificación acreditativa.

- Na anualidade en que remate a actuación subvencionada presentarase, ademais, unha memoria segundo o guión establecido no anexo VIII.

Modelo de listaxe codificada para comedores, albergues, centros de día e centros de atención social continuada (anualidade 2022):

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_listaxe_act_41a_comedores_albergues centros dia casc 01-07-2022_ao_30-11-2022.xlsx

Modelo de listaxe codificada para centros de acollida (anualidade 2022):

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_listaxe_act_41a centros acollida 01-07-2022_ao_30-11-2022.xlsx

Modelo de listaxe codificada para comedores, albergues, centros de día e centros de atención social continuada (anualidade 2023):

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_listaxe_act_41a_comedores_albergues centros dia casc 01-12-2022_ao_30-04-2023.xlsx

Modelo de listaxe codificada para centros de acollida (anualidade 2023):

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_listaxe_act_41a centros acollida 01-07-2022_ao_30-11-2022_01-12-2022_ao_30-04-2023.xlsx

2.2. Pagamentos á conta da liquidación definitiva do artigo 21

Poderanse solicitar pagamentos á conta da liquidación definitiva en función das accións realizadas, cuxo importe total non poderá superar o 80 % da subvención concedida. Para tal fin, establécense os períodos en que se poden solicitar: un pagamento á conta desde o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de novembro de 2022 e un desde o 1 de decembro de 2022 ata o 30 de abril de 2023. Con cada solicitude de pagamento á conta deberá enviar a documentación prevista no artigo 23.1.

2.3. Pagamento

O pagamento das subvencións realizarase en función do número de persoas efectivamente atendidas por día, multiplicado polo importe unitario de axuda establecido no artigo 14.1.

Unha vez xustificada cada anualidade da subvención conforme o artigo 23, o órgano competente, antes de realizar o seu pagamento, efectuará as comprobacións oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.